



PASEOS POLA PONTEVEDRA LITERARIA 2020

ÁLEX ALONSO
A PROCURA DA LINGUA DAS
BOLBORETAS



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg.gal



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

Á PROCURA DA LINGUA DAS BOLBORETAS

A lingua das bolboretas é un marabilloso e maxistral relato de Manolo Rivas inserido no libro *Que me queres, amor?*, premio *Torrente Ballester* en 1995 e Premio *Nacional de Literatura* un ano despois. O relato, a grandes trazos, trata sobre a relación dun neno (Moncho) e o seu mestre (don Gregorio) nunha vila indeterminada e no marco do inmediato alzamento e posterior Guerra Civil.

Así pois, esa vila podería ser perfectamente Pontevedra, e, polo tanto, convidovos a que fagamos un paseo literario á procura desa lingua das bolboretas naquela Pontevedra dos anos 30, guiándovos e explicándovos o porqué de cada visita, e axudados, ademais, pola voz do propio Moncho. Xa na última etapa do paseo, direivos tamén por que relaciono tan estreitamente esta vila co relato de Rivas. Seguramente xa o saberedes ou, cando menos, xa teredes unha certa idea.

Principia o noso paseo na **praza da Ferrería**, quizais a máis tradicional e popular de todas as prazas da vila. Antigamente a fonte que agora se localiza nos xardíns de Casto Sampedro (trasladada en 1928) se situaba nesta praza (máis ou menos por onde está a árbore que aparece na foto), a cal recibía os peregrinos tras o seu acceso ao recinto amurallado a través da porta de Trabancas. De aí a mítica cantiga *Pontevedra é boa vila, dá de beber a quen pasa*. Na Idade Media era coñecida como praza de Trabancas e adoptou o nome de Ferrería cara ao ano 1820 en lembranza aos antigos artesáns nela instalados, que producían todo tipo de armas e instrumentos de ferro. En 1854 cambiou o nome polo de praza da Constitución, aínda que, finalmente, sería recuperada a denominación anterior durante o século XX. Polo tanto, a Ferrería dos anos 30 poucos cambios salientables tivo con respecto a como a coñecemos agora. Foi na década de 1910 cando se construíron os dous edificios máis altos que agora a presiden. Velaquí a foto dun recanto da praza na época do relato de Rivas.



E agora preguntádevos... Por que estamos aquí como punto de partida deste paseo? Pois porque foi nesta praza, baixo os arcos que se ven á dereita da foto, envurullado entre as teas e os tecidos do comercio de confeccións que agora é *Almacenes Clarita*, onde naceu Moncho, o noso protagonista, cando daquela aínda era un taller de costura, amais de vivenda, chamado deste xeito por ser o nome da súa nai e aberto polo pai do cativo desde 1916.



«Por aquel entón –dinos Moncho– eu ía para seis anos e chamábanme todos Pardal. O meu pai era xastre e prefería verme lonxe que non enredando no noso taller de costura. Tiña sempre moito choio e a xente ata facía cola para entrar. Sobre todo na época dos saldos. Aínda lembro cando papá lle fixo aquel traxe ao mestre don Gregorio. De balde. Coma un xesto de atención pola súa parte. Pola parte de papá, claro. Don Gregorio levou posto aquel traxe durante un ano e levábao tamén aquel día de xullo de 1936 na praza da Leña.»

Entón –prosegue Moncho– como meu pai a cada pouco me liscaba do seu negocio, eu pasaba grande parte do día a correr pola Alameda –onde iremos a continuación–, e foi o carteiro, quen me vía sempre por alí na súa repartición diaria, o que me puxo o alcume.

- Pareces un Pardal, díxome».

A Alameda leva oficialmente o nome do seu artífice, o arquitecto Alejandro Rodríguez Sesmero, e xorde co derrubamento da muralla medieval e a necesidade de situar novos edificios oficiais coa declaración de Pontevedra como capital de provincia en 1833.

De forma alongada e concibida como vestíbulo axardinado da Casa do Concello (desde o seu balcón está tomada esta foto), a Alameda constitúe unha ampla avenida de terra, delimitada por cinco filas de árbores, entre as que abundan os amieiros, os plátanos e os carballos, cos típicos asentos de pedra e o palco da música de planta octogonal.



«Creo que nunca corrín tanto como aquel verán anterior ao ingreso na escola –di Moncho–. Corría coma un tolo e ás veces superaba o linde da Alameda –a foto que vedes abaixo– e seguía lonxe, camiño do barrio da Moureira, coa ilusión de que algún día me sairían alas e podería chegar a Bos Aires. E por que o facía? Porque cando era un picariño, a escola para min era unha ameaza terrible. Unha palabra que cimbraba no aire como unha vara de vimbio.



- *Xa verás cando vaias á escola!, advertíame meu pai.*

E é que o meu pai contaba coma un tormento a maneira en que o mestre lles arrincaba a gheada da fala aos alumnos para que non dicesen aghua nin ghato nin ghracias.

- *Todas as mañás tiñamos que dicir a frase Los pájaros de Guadalajara tienen la garganta llena de trigo, dicía meu pai. Moitos paos levamos por culpa de Ghuadalagara!*

Se de verdade meu pai quería meterme medo, conseguíuno. A noite da véspera non durmín. O medo, coma un rato, roíame os adentros.»

Tal e onde estamos agora, diriximos a vista cara ao actual **Instituto Valle-Inclán**, edificio inaugurado no ano 1927 como escola unitaria para nenos, situado en plena avenida Montero Ríos (o terceiro inmoible ao fondo comezando pola dereita).



Aquí foi onde Moncho empezou o seu periplo escolar que tan aterrado o tiña. «*Que tal resultou o primeiro día, Moncho? Moi mal, fatal. Estaba sentado no derradeiro pupitre, medio agachado, coa esperanza de que ninguén se decatara da miña existencia, ata poder saír e botar a voar pola Alameda.*

- *A ver, vostede, pónase en pé!, díxome o novo profesor. - Cal é o seu nome?*
- *Pardal.*

Todos os nenos riron a gargalladas.

- *Pardal?*

Mirei cara á fiestra, buscando con angustia as árbores da Alameda. E foi cando me mexei. Entón fuxín. Botei a correr coma un toliño con alas. Cando cheguei á altura do palco da música e mirei cara atrás, vin que ninguén me seguira, que estaba só co meu medo, empapado de suor e mexos.

Durmín coma un santo aquela noite, pegadiño á nai. Tiven a sensación de que non me soltou a man en todo o tempo. E así me levou, collido, na miña volta á escola. Pero, nesta ocasión, co corazón sereno, puiden fixarme por vez primeira no mestre. Tiña a cara dun sapo.

- *Gústame ese nome, Pardal!, díxome o mestre, e beliscoume a meixela con agarimo.*

E aquel belisco feríume coma un doce de café. Entón levoume da man cara á súa mesa e sentoume na súa cadeira. El ficou de pé, colleu un libro e dixo:

- *Temos un novo compañeiro. É unha alegría para todos e imos recibilo cun aplauso.*

Eu quería moito a aquel mestre. Os meus pais non podían crelo. Cando o mestre se dirixía ao mapamundi, ficabamos atentos coma se se iluminara a pantalla do cine Victoria. Sentiamos o medo dos indios cando escoitaron por vez primeira o rincho dos cabalos e o estoupido do arcabuz. Iamos ao lombo dos elefantes de Aníbal de Cartago polas neves dos Alpes, camiño de Roma. Loitamos con paos e pedras en Ponte Sampaio contra as tropas de Napoleón. Pero os momentos máis fascinantes da escola eran cando o mestre falaba dos bichos. Había un paxaro en Australia que pintaba de cores o seu niño cunha especie de óleo que fabricaba con pigmentos vexetais. Nunca me esqueceréi. Chamábase o tilonorrinco. Tal era o meu interese que me convertín no subministrador de bichos de don Gregorio e el acolleume como o mellor discípulo».

Continuamos o paseo e chegamos agora á desembocadura do **río dos Gafos**, denominación esta procedente de lacerado ou leproso, debido a un lazareto que houbo ás súas beiras. Nunhas columnas que se perciben cara á parte esquerda da foto (entre dúas casas) era onde se atopaba a dita institución. Pois ben..., cal é o motivo de irmos aquí, Moncho? «*Había sábados e festivos que don Gregorio pasaba pola miña casa e iamos xuntos de excursión pola senda fluvial do Gafos. Entre Salcedo e Tomeza percorríamos as beiras, as gándaras, as fragas e chegabamos ata aquí mesmo, ao pé*

da Moureira, onde aparecía o vasto horizonte e se perdía o mar. Nesta foto podedes verme, xunto con Roque e Carmiña, bañándonos en coiros nas súas augas.



Cada viaxe desas era para min como unha rota do descubrimento. Volviamos sempre cun tesouro. Unha mantis. Un cabaliño do demo. Un escornabois. E unha bolboreta distinta de cada vez, aínda que eu só recorde o nome dunha a quen o mestre chamou Iris, e que brillaba fermosísima pousada na lama e no esterco. De regreso, cantabamos polas correoiras coma dous vellos compañeiros. E os luns, na escola, o mestre dicía:

- *E agora imos falar dos bichos de Pardal.*

Aqueles días de excursión, a miña nai preparaba a merenda para os dous.

- *Non fai falta, señora, eu xa vou comido, insistía don Gregorio.*

Pero á volta, dicía:

- *Grazas, señora, exquisita a merenda.*
- *Estou segura de que o mestre pasa necesidades, dicía a miña nai polas noites.*
- *Os mestres non gañan o que tiñan que gañar, sentenciaba o meu pai. – Eles son as luces da República.*
- *A República, a República! Xa veremos onde vai parar a República, respondía, escéptica, mamá.»*

Damos volta logo e dirixímonos á praza de España, diante da **Casa do Concello**, obra creada por Alejandro Rodríguez Sesmero, quen tomou como referencia o modelo para un hotel en París, rematada no ano 1880 no mesmo lugar que ocupaba a antiga casa do concello. E viñemos ata aquí porque cómpre falar de asuntos un pouco máis feos..., non si, Moncho? *«Desgraciadamente, si. Para empezar, o meu pai era republicano. A miña nai, non. Quero dicir que a miña nai era de misa diaria na basílica de Santa María e os republicanos aparecían como inimigos da Igrexa.*

- *Que tes ti contra Azaña?, preguntáballe meu pai á miña nai. Esa é cousa do cura, que vos anda quentando a cabeza.*
- *Eu á misa vou rezar!, dicía ela.*
- *Ti, si, pero o cura non!, replicaba meu pai.*



Pero foi o día 18 de xullo –prosegue Moncho– cando sentín o estrondo dunha moto solitaria. Xusto pasaba por onde vai agora o trolebús da foto. Era un garda cunha bandeira suxeita no asento de atrás. Pasou diante do Concello e mirou cara aos homes que conversaban inquedados no porche. Berrou: Arriba España! E arrincou de novo a moto deixando atrás un ronsel de estalos. A partir dese día, as nais comezaron a chamar polos nenos. O meu pai amoreaba cabichas no cinceiro e a miña nai choraba e facía cousas sen sentido, como abrir a billa de auga e lavar os pratos limpos e gardar os sucios. Amelia, a veciña, díxonos que os militares declararan o estado de guerra. Chegaron tropas e ocuparon o Concello. E disque disparaban contra o Goberno Civil, que está mesmiño ao lado de aí.»

Deseguido trasladámonos pola rúa Michelena cara aos **Arcos de San Bartolomeu**, contrafortes laterais construídos posteriormente á edificación da igrexa do mesmo nome, debido aos erros de cálculo dos empuxes da bóveda, aínda que tamén se di que como consecuencia do terremoto de Lisboa de 1755, por medo a que houbera outro de similares estragos e fose derrubar o templo. E ben..., por que viñemos agora aquí, Moncho? «Pois..., porque a rúa dos arcos de San Bartolomeu é o sitio que máis medo me dá de toda Pontevedra. Direivos a causa.

Eu escoitara moitas veces a meu pai blasfemar contra Deus. Facíano todos os homes. Cando algo ía mal, cuspián no chan e dicían esa cousa tremenda de «Cagho en Deus» ou «Cagho no Demo»

- *E o Demo..., existe o Demo?, pregunteille a mamá.*
- *Por suposto! Pero non o ves todos os 23 de agosto cando sae dos Arcos de San Bartolomeu coma un foguete!*
- *Pero ese é un demo de mentira, mamá!*

- *Tanto ten! Habelo haino! O Demo era un anxo, pero fíxose malo.*
- *Pois o mestre dixo hoxe que as bolboretas teñen lingua, unha lingua finiña e moi longa, chamada espiritrompa, que levan enrolada coma o resorte dun reloxo. Entón, se hai unha flor que a atrae, desenrólaa e métea no cáliz para zugar e poder alcanzar o néctar. A que parece mentira iso de que as bolboretas teñan lingua, mamá?*
- *Se el o di, será certo. Non ves? Hai moitas cousas que parecen mentira e son verdade, coma o Demo.*
- *Non sei. Non o teño tan claro. O mestre di que ese inferno do máis aló non existe. Que o odio, a crueldade..., que iso é o inferno. Que ás veces o inferno somos nós mesmos.*
- *Gústache a escola, non si, Moncho?*
- *Moito. E o mestre non pega. Case sempre sorrí coa súa cara de sapo. E cando dous pelexan no recreo, el di que parecen carneiros e fai que se dean a man. E cando se enfada, queda en silencio. «Se vós non calades, terei que calar eu», dinos. O silencio do mestre é o peor castigo inimaxinable. Moito máis que as lostregadas que dá o Demo ao saír destes arcos! Que medo me dá o condenado!»*



Andamos un nada cara arriba e atopámonos na preciosa e coqueta **praza da Leña**, a máis pequena de todas as prazas de Pontevedra, punto final deste itinerario. Ten esta denominación porque na Idade Media estaba instalado aquí o gremio da madeira. Nela reuníanse os arrieiros cos seus carros cheos de leña e as campesiñas cos seus feixes e cestas de piñas. Velaí podedes observalas na seguinte foto.



E a este lado de acá, fronte á praza, temos o pazo de Castro Monteagudo unido pola ponte ao de García Flórez, que xuntos albergan o Museo fundado a finais de 1927, como podemos apreciar na seguinte foto. O cruceiro da praza, en cambio, é posterior a estes anos. Foi colocado en 1941 por mediación de Castelao. Xa que logo, este lugar é o motivo polo cal eu vinculei o relato de Rivas coa cidade de Pontevedra, porque foi aquí mesmo onde vin rodar a escena final –que Moncho contará a continuación– da película de José Luis Cuerda *La lengua de las mariposas*, baseada neste relato e mais nos de *Carmiña* e *Un saxo na néboa*, pertencentes ao mesmo libro. Aquí estaban Fernando Fernán-Gómez, quen facía do mestre don Gregorio, Manuel Lourenzo, que encarnaba a Moncho, Gonzalo Uriarte e Uxía Blanco, os pais do rapaz, e tamén lembro, aí sentado baixo a ponte, esperando a filmar a escena, a Xosé Manuel Olveira ‘Pico’, co seu acordeón.



Pero deixemos a Moncho que nos conte que aconteceu aquela xornada.

«Foi a miña nai a que tomou a iniciativa aqueles días.

- Veña, Moncho, vas vir connosco á praza da Leña.

Tróuxome a roupa de festa e, mentres me axudaba a anoar a gravata, díxome en voz moi grave:

- *Recorda isto, Moncho. Papá non era republicano. Papá non era amigo do alcalde. Papá non falaba mal dos curas. E outra cousa moi importante, Moncho. Papá non lle regalou un traxe ao mestre.*
- *Si que llo regalou.*
- *Non, Moncho. Non llo regalou. Entendiches ben? Non llo regalou!*
- *Non, mamá, non llo regalou.*

Había moita xente na praza da Leña, toda con roupa de domingo. Baixaran tamén algúns grupos das aldeas, precedidos por homes con camisa azul e pistola ao cinto. Dúas fileiras de soldados abrían un corredor desde a parte alta da rúa Pasantería ata uns camións estacionados no centro da praza, como os que se usaban para transportar o gando na feira grande. Pero na praza non había o balbordo das feiras senón un silencio grave, de Semana Santa. A xente non se saudaba. Nin sequera parecían recoñecerse os uns aos outros.

Un garda entreabriu a porta de entrada do Museo –aquela que se ve arriba na foto– e percorreu o xentío coa mirada. Do edificio, escoltados por outros gardas, saíron os detidos, ían atados de mans e pés. Eu coñecíaos de vista a todos. O alcalde, os dos sindicatos, o acordeonista dos Chichisos. Estaba tamén o carteiro, o que me puxera o alcume de Pardal. E ao cabo da cordada, chepudo e feo coma un sapo, o mestre.



Escoitáronse algunhas ordes e berros illados que resoaron na praza coma petardos. Pouco a pouco, da multitude foi saíndo un ruxe-ruxe que acabou imitando aqueles alcumes.

- *Traidores! Criminais! Roxos!*
- *Berra ti tamén, Ramón, polo que máis queiras! Berra!, imploráballe mamá a papá.*

A miña nai levaba collido do brazo a papá, coma se o suxeitara con toda a súa forza para que non desfalecese.

- *Que vexan que berras, Ramón, que vexan que berras!*

E entón oín como o meu pai dicía Traidores! cun fío de voz. E logo, cada vez máis forte, Criminais! Roxos! Soltou do brazo á miña nai e achegouse máis á fileira dos soldados, coa mirada enfurecida cara ao mestre.

- *Asasino! Anarquista! Comenenos!*

Agora mamá trataba de retelo e tiroulle da chaqueta discretamente. Pero el estaba fóra de si.

- *Cabrón! Fillo de mala nai!*

Nunca lle escoitara chamar iso a ninguén, nin sequera ao árbitro no campo de fútbol. Pero agora volvíase cara a min entolecido e empuxábame coa mirada, os ollos cheos de bágoas e sangue.

- *Bérralle ti tamén, Monchiño, bérralle ti tamén!*

Cando os camións arrincaron cargados de presos rúa Figueroa arriba, eu fun un dos nenos que corría detrás lanzando pedras. Non me vedes? Aí estou! Son o rapaz dos tirantes cruzados polas costas. Buscaba con desespero o rostro do mestre para chamarlle traidor e criminal. Pero o convoi era xa unha nube de fume e eu, no medio da rúa, cos puños pechados, só fun capaz de murmurar con rabia:

- *Sapo! Iris! Espiritrompa! Tilonorrinco!*



Nos libros podemos refuxiar os nosos soños para que non morran de frío.

Don Gregorio